



## **ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA**

**DATA DE ENVIO: 18/12/2019**

**TIPOLOXÍA: VENTO/CHOIVA**

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

### **NIVEL DE ALERTA: LARANXA/AMARELO**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía actualiza a través do boletín 119/71 GAL, emitido ás 10:50 horas, o fenómeno meteorolóxico adverso por CHOIVA en Galicia, que se está a desenvolver na Comunidade, aumentado a nivel LARANXA en A Coruña Suroeste, Oeste e Interior, Oeste de Ourense, e Miño e Interior de Pontevedra, podendo superarse os 80 mm en 12 horas, mesmo localmente acadar máis de 100 mm. No Noroeste de A Coruña, Miño, Sur e Montaña de Ourense, e Pontevedra Rías Baixas, as precipitacións se estima que serán intensas, acadando os 60 mm en 12 horas, nivel AMARELO.

En canto ao VENTO, a esta hora mantense a alerta AMARELA en Lugo Centro, Montaña e Sur, e en Ourense, Miño, Sur, Montaña e Valdeorras, e LARANXA na provincia de Coruña, A Mariña de Lugo, Ourense Noroeste, e Pontevedra Rías Baixas, se ben se espera que comece a remitir arredor da media tarde, quedando todas as zonas alerta no mesmo nivel, nivel AMARELO.

En previsión destes feitos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior mantén activado o plan INUNGAL en fase de ALERTA.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

**Ante calquera emerxencia chame ó 112**

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

Rev2



**Xacobeo 2021**

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112  
Galicia

